Un gran mundo pequeno

Alejandro Costa Suárez

Érase que se era unha familia de ananos chamados Os Pequenos.

Para comprar a comida, sempre ían a unha tenda preto da súa casa. Pero un día había un cartel que dicía: ”Trasladámonos ó centro comercial do Burgo”.

Os ananos tiñan medo de que os pisaran ou os atropelaran cos carriños da compra. Pero non tiñan outra opción.

A familia fixo uns pasos para entrar no centro comercial e volver con comida:

1º Paso: Entrar no centro comercial sen ser aplastado pola porta automática.

2º Paso: Facer camiño entre os pés da xente e

evitar os carriños.

3º Paso: Falar ca dependenta e pedirlle a comida.

4º Paso: Pagar con rapidez.

5º Paso: Saír con vida.

E así o fixeron.

Tras varios pisotóns, atropelos e dependentes pasotas, conseguiron facer a compra.

E así será para sempre.

